
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DEPORTIVOS E POLIVALENTES NO CAMPO MULTIUSOS DO CASTIÑEIRIÑO

O proxecto do Campo da Festa e multiusos do Castiñeiriño prevía no seu deseño orixinal a súa polifuncionalidade, para acoller actividades tanto fixas como temporais. As amplas dimensións do espazo permiten a delimitación de, cando menos, dúas pistas polideportivas, sen restarlle funcionalidade.

A zona do Castiñeiriño está actualmente infradotada deste tipo de instalacións, aínda máis se temos en conta o aumento de poboación que está a experimentar o barrio. De feito, nesa área tan só existe a pequena pista do Centro Sociocultural e o patio do antigo colexio Ramón Cabanillas que téñen os equipamentos nun lamentable estado de abandono.

A delimitación de novas pistas polideportivas pode realizarse mediante a aplicación de pintura para configurar os espazos e tipos de deporte, sempre seguindo as indicacións recollidas nas distintas normativas federativas. Así mesmo deben dotarse dos equipamentos e valados que sexan necesarios para o seu uso, sempre tendo presente o uso polivalente para o que se deseñou o espazo.

Tendo en conta todo o anterior, desde o grupo municipal de Compostela Aberta no Pleno ordinario do 25 de Novembro de 2021 solicitou:

“que o Concello de Santiago actúe no novo campo da festa do Castiñeiriño para dotalo das infraestruturas precisas para a práctica de deportes”.

Ao que o concelleiro de obras respondeu verbalmente o seguinte:

“este goberno atenderá as peticións, como non podería ser doutra maneira, tanto das entidades sociais do barrio como da veciñanza, polo que o estudaremos e faremos o oportuno”

Tendo en conta que xa vai máis dun ano da resposta do concelleiro Javier Fernández e que polo tanto parece un tempo máis que suficiente para “estudar” e “facere o oportuno” sobre a instalación e acondicionamento con elementos deportivos do campo da festa do Castiñeiriño, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- Que previsión temporal manexa o goberno para a “estudar” e facer o que consideren “oportuno”, que neste caso entendemos que se ten que concretar na habilitación e acondicionamento do campo multiusos do Castiñeiriño coa instalación dos elementos necesarios para que este espazo sexa de usos polivalentes e polifuncional tal e como estaba original deseñado e concebido, de común acordo coa veciñanza e atendendo ás súas demandas?

Santiago de Compostela, 17 de Novembro de 2022

Xán Duro Fernández
Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta



Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO